



## CONVOCATORIA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA BOLSAS DE COLABORACIÓN EN FORMACIÓN COMPLEMENTARIA NOS DEPARTAMENTOS UNIVERSITARIOS DOS CENTROS PROPIOS. CURSO 2012/2013

### OBXECTO DAS AXUDAS.

A Universidade da Coruña, co fin de favorecer a formación complementaria do estudantado desenvolvendo a súa formación teórica e práctica, fai pública a convocatoria de 129 bolsas de formación complementaria nos Departamentos da Universidade da Coruña para a realización de tarefas de *iniciación e apoio á investigación*.

### ORZAMENTO

Para a concesión destas bolsas destinarase un total de 185.760 euros con cargo á partida orzamentaria 9870.422D.480.00

### CONTÍA E PERÍODO

O importe bruto da axuda será de 1.440 euros que se aboarán en pagamentos mensuais de 288 euros aos que se lles aplicarán, de for o caso, as retencións correspondentes. O pagamento efectuarase con referencia á situación do dereito da persoa bolseira ao día último do mes que corresponda.

A duración da bolsa será desde o día 15 do mes de xaneiro ata o día 15 do mes de xuño (5 meses). A persoa beneficiaria da bolsa recibirá ao remate da mesma unha certificación do Departamento como "*bolseiro de iniciación e apoio á investigación*".

### REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

As persoas solicitantes terán que cumprir os seguintes requisitos:

- Estar matriculado no curso 2012/2013 na Universidade da Coruña en estudos oficiais de:
  - .- Licenciatura, Arquitectura ou Enxeñaría superior e ter superados o 50% dos créditos.
  - .- Titulacións de segundo ciclo
  - .- Titulacións de Grao e ter superados o 30% dos créditos.

### CONDICIÓNS DA BOLSA

- Existir conexión entre a actividade obxecto da bolsa e o perfil académico da persoa solicitante.
- O departamento solicitado terá que impartir docencia na titulación na que está matriculada a persoa solicitante.
- A persoa solicitante só poderá presentar a súa candidatura en dous (2) departamentos que cumpran as condicións anteriormente citadas.

### INCOMPATIBILIDADES

- Ter sido beneficiario desta bolsa en convocatorias anteriores.
- Ter sido beneficiario doutras bolsas propias da UDC cuxa duración engadida á actual solicitude supere os 12 meses.
- Exceder 28 anos de idade durante o período de goce da bolsa.
- Percibir calquera outra axuda económica co mesmo fin (bolsas do Ministerio de Educación ou da Xunta de Galicia).
- Realizar calquera outra actividade retribuída que supoña a obtención de ganancias superiores ao trinta por cento do Salario Mínimo Interprofesional.

## **FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES.**

As solicitudes deberán cumprimentarse a través da aplicación informática á que se accede dende: <http://bolsas.udc.es>

Deberase acompañar a seguinte documentación:

- Certificación académica detallada na que consten as cualificacións obtidas, as datas de obtención e o número de convocatorias investidas en cada materia, que os estudantes poden imprimir desde a Secretaría Virtual.
- *Currículum vitae* da persoa solicitante coa documentación que o acredite. Recoméndase que se siga o formato especificado polo Europass: (<http://europass.cedefop.europa.eu/europass/home/vernav/Europass+Documents/Europass+CV.csp>)
- Declaración xurada de non contar con ningunha axuda económica incompatible nin realizar ningunha actividade retribuída. No caso de realizarse unha actividade retribuída, certificación da Axencia Tributaria acreditativa do seu nivel de rendas, para os efectos de comprobar que non se obteñen ganancias superiores no seu importe ao trinta por cento do Salario Mínimo Interprofesional.
- Fotocopia do DNI.

## **COMISIÓN DE SELECCIÓN**

A comisión de selección estará formada pola Comisión de Extensión Universitaria, delegada do Consello de Goberno.

## **CRITERIOS DE SELECCIÓN**

Criterios de avaliación:

1-. Expediente académico: até 7,5 (75% da puntuación total), tendo en conta a nota media simple calculada segundo a Resolución do 15 de setembro de 2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 30 de setembro). Para os expedientes estranxeiros aplicarase a “declaración de nota media” do Ministerio de Educación: <http://www.educacion.es/educacion/universidades/convocatorias/titulados-doctores-profesores/movilidad-estudiantes-mencion-calidad/convocatoria-2008.html>

Para estes efectos, as notas medias procedentes de estudos de ensinanza técnica multiplicaranse polo coeficiente 1,17 (Orden EDU/2098/2011 de 21 de xullo).

2-. Outros méritos: até 2 puntos (20% da puntuación total).

- Coñecementos de idiomas: até 1 punto (10% da puntuación total).

Nivel A2 ou equivalente: 0,2 puntos

Nivel B1 ou equivalente: 0,4 puntos

Nivel B2 ou equivalente: 0,6 puntos

Nivel C1 ou equivalente: 0,8 puntos

Nivel C2 ou equivalente: 1 punto

(Consultar Anexo III: Táboa de correspondencias entre os niveis do MRE, os cursos do Centro de Linguas e diversas certificacións de idiomas)

- Coñecementos informáticos: até 1 punto (10% da puntuación total).

Cursos de ate 10 horas: 0,2 puntos

Cursos entre 10-19 horas: 0,3 puntos

Cursos entre 20-49 horas: 0,4 puntos

Cursos de mais de 49 horas: 0,5 puntos

3-. Coñecemento acreditado de galego: até 0,5 (5% da puntuación total).

Celga 1 ou equivalente: 0,1 puntos

Celga 2 ou equivalente: 0,2 puntos

Celga 3 ou equivalente: 0,3 puntos

Celga 4 ou equivalente: 0,4 puntos

Celga 5 ou equivalente: 0,5 puntos

Só se valorarán os méritos que se acrediten documentalmente referidos á data de finalización de presentación de solicitudes.

### **ACEPTACIÓN OU RENUNCIA**

A aceptación da bolsa, na que a persoa interesada se compromete a cumprir todas as condicións recollidas nesta convocatoria, deberase efectuar no prazo de 3 días hábiles desde a publicación da resolución da convocatoria na páxina web da UDC. Dita aceptación poderase facer dunha das seguintes formas:

- Presencial no SAPE, mediante documento asinado pola persoa interesada.
- Mediante o envío do documento de aceptación ao número de fax 981-167075
- Mediante comunicación efectuada por correo electrónico (desde a conta da UDC do usuario) ao enderezo electrónico [sape@udc.es](mailto:sape@udc.es)

Se no prazo de 3 días mencionado nos se recibise a aceptación por parte do/a adxudicatario/a, entenderase que renuncia de forma expresa á bolsa.

As comunicacións coas persoas da listaxe de agarda, que por renuncia dos/as adxudicatarios/as tivesen dereito ao aproveitamento da bolsa, farase pola Universidade á conta de correo electrónico indicada na solicitude e disporán dun prazo de 24 horas para aceptar a bolsa mediante algunha das formas previstas no parágrafo anterior. No caso de non obter contestación no prazo indicado entenderase que renuncia.

Todas as baixas que se produciren antes do mes de maio, serán substituídas pola seguinte persoa da relación que elaborará a comisión de selección.

### **OBRIGAS DAS PERSOAS BOLSEIRAS.**

As persoas bolseiras comprométese a realizar a súa actividade seguindo as indicacións do titor.

O incumprimento por parte da persoa bolseira dalgunha das condicións recollidas nas presentes bases suporá a perda da bolsa concedida e mesmo o reintegro das cantidades percibidas.

As persoas seleccionadas realizarán as tarefas de colaboración que se lles asigne en proxectos de investigación do Departamento. A Dirección do Departamento sinalará, segundo o horario académico do estudante, a dedicación correspondente a oito horas semanais, sen que o tempo de dedicación diario poida exceder de catro horas.

As persoas bolseiras comprométese a presentar unha memoria, antes do remate das actividades realizadas á persoa responsable da súa titorización.

### **RESOLUCIÓN**

As bolsas concederanse mediante resolución reitoral, na que se especificarán as persoas ás que se lles concede a bolsa. Contra esta resolución, e de conformidade co que dispón o artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso contencioso-administrativo, ante os xulgados do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, de conformidade co que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa ou, potestativamente, un recurso de reposición ante o reitor no prazo dun mes e que contan ambos a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web da Universidade da Coruña, sen prexuízo de poder interpoñer calquera outro recurso que considere procedente.

A presente convocatoria debe ser integrada e interpretada ao abeiro do Regulamento de bolsas da Universidade da Coruña, aprobado na sesión do Consello de Goberno do 27 de setembro de 2007 e modificado na sesión do 31 de outubro de 2007, así como dos acordos do Consello de Goberno de 17 de marzo de 2012.

**PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES**

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria ata as 14h do 21 de novembro de 2012.

A Coruña, a 9 de novembro de 2012

O reitor

Xosé Luís Armesto Barbeito

## **ANEXO I**

### **MEMBROS DA COMISIÓN EXTENSIÓN UNIVERSITARIA**

#### **VICERREITORAS**

- M<sup>a</sup> José Martínez López
- Natalia Álvarez Lata

#### **PROFESORES**

- Xurxo Dopico Calvo
- Pedro Gil Manso
- María Luisa Sánchez Simón
- Francisco Alonso Tajés
- Isabel Rivas Barrós
- Ana Igesias Galdo

#### **ESTUDANTES**

- José María Castrillo Neira
- Jorge Quintas Villar

#### **PERSONAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**

- M<sup>a</sup> Carmen Barreiro Daponte
- José Manuel Portela Fernández

## ANEXO II

CÓDIGOS DE DEPARTAMENTOS: SEDES FÍSICAS POR CENTROS		
CENTRO	DEPARTAMENTO	CÓDIGO
Facultade de Ciencias	Bioloxía Animal, Bioloxía Vexetal e Ecoloxía	101
	Bioloxía Celular e Molecular	102
	Física	115
	Química Analítica	122
	Química Fundamental	153
	Química Física e Inxeñaría Química	154
Facultade de Economía e Empresa	Economía Aplicada I	108
	Economía Financeira e Contabilidade	109
	Economía Aplicada II	137
	Análisis Económico e Administración de Empresas	156
Facultade de Dereito	Dereito Público	106
	Dereito Privado	107
	Dereito Público Especial	131
Facultade de Filoloxía	Filoloxía Española e Latina	111
	Filoloxía Inglesa	113
	Galego-Portugués, Francés e Lingüística	155
Facultade de Informática	Computación	103
	Electrónica e Sistemas	110
	Matemáticas	118
	Tecnoloxía da Información e as Comunicacions	152
Facultade de Socioloxía	Socioloxía e Ciencia Política da Administración	127
Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física.	Educación Física e Deportiva	200
E.T.S. de Arquitectura	Construccions Arquitectónicas	104
	Proxectos Arquitectónicos e Urbanismo	120
	Representación e Teoría Arquitectónica	124
	Tecnoloxía da Construcción	125
	Composición	135
E.T.S de Náutica e Máquinas	Ciencias da Navegación e da Terra	149
	Enerxía e Propulsión Marina	151
E.T.S. de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos	Métodos Matemáticos e de Representación	139
Facultade de Ciencias da Saúde	Medicina	144
E.U. de Fisioterapia	Fisioterapia	145
Facultad de CC. da Educación	Filosofía e Métodos de Investigación	114
	Pedagogía e Didáctica das CC. Experimentais	119
	Psicoloxía	121
	Didácticas Específicas	126
	Psicoloxía Evolutiva e da Educación	128
E.U. de Arquitectura Técnica	Tecnoloxía e CC. de la Representación Gráfica	136
Facultade de Humanidades	Humanidades	143
Escola Politécnica Superior	Enxeñaría Naval e Oceánica	147

**CÓDIGOS DE DEPARTAMENTOS: SEDES FÍSICAS POR CENTROS**

<b>CENTRO</b>	<b>DEPARTAMENTO</b>	<b>CÓDIGO</b>
	Enxeñaría Industrial II	148
Facultade de Enfermaría e Podoloxía (Ferrol)	Ciencias da Saúde	146
E. U. Politécnica	Enxeñaría Industrial I	117

## ANEXO III

**Táboa de correspondencias entre os niveis do MRE, os cursos do Centro de Linguas e diversas certificacións de idiomas.**

Idioma	Institución	A1	A2	B1	B2	C1	C2
<b>ALEMÁN</b>	Centro de Linguas	Curso A1.4	Curso A2.4	Curso B1.4	Curso B2.5	C1.6	C2.3
	Escuela oficial de Idiomas		Certificado de nivel básico, A2	Certificado de nivel Intermedio, B1	Certificado de nivel superior, B2	Certificado de aptitud, C1	
	ACLES	Certificación de A1	Certificación de A2	Certificación de B1	Certificación de B2	Certificación de C1	Certificación de C2
	Goethe Institut	Goethe Zertifikat A1	Goethe Zertifikat A2	ZD (Zertifikat Deutsch)	ZMP (Zentrale Mittelstufenprüfung)		ZOP (Zentrale Oberstufenprüfung)
	Universidad de Munich y Goethe Institut			KDS - Kleines Deutsches Sprachdiplom			GDS - Grosses Deutsches Sprachdiplom

Idioma	Institución	A1	A2	B1	B2	C1	C2
<b>FRANCÉS</b>	Centro de Linguas	Curso A1.3	Curso A2.3	Curso B1.3	Curso B2.4	C1.4	C2.4
	Escuela oficial de Idiomas		Certificado de nivel básico, A2	Certificado de nivel Intermedio, B1	Certificado de nivel superior, B2	Certificado de aptitud, C1	
	ACLES	Certificación de A1	Certificación de A2	Certificación de B1	Certificación de B2	Certificación de C1	Certificación de C2
	Alliance Française		CEFP 1 (Certificat d'Études de Français Pratique)	CEFP 2	DL (Diplôme de Langue)	Diplôme Supérieur	Diplôme de Hautes Études Françaises
	Estado francés	DELTA A1 (Diplôme d'Études en Langue Française)	DELTA A2	DELTA B1	DELTA B2	DALF C1 (Diplôme Approfondi de Langue Française)	DALF C2
Idioma	Institución	A1	A2	B1	B2	C1	C2
<b>INGLÉS</b>	Centro de Linguas			Curso B1.5	Curso B2.5	Curso C1.5	Curso C2.4



	Escuela oficial de Idiomas		Certificado de nivel básico, A2	Certificado de nivel Intermedio, B1	Certificado de nivel superior, B2	Certificado de aptitud, C1	
	ACLES			Certificación de B1	Certificación de B2	Certificación de C1	Certificación de C2
	Univ. de Cambridge (Cambridge ESOL)		KET (Key English Test)	Preliminary English Test (PET)	First Certificate in English (FCE)	Certificate in Advanced English (CAE)	Certificate of Proficiency in English (CPE)
	British Council e Univ. de Cambridge			Mínimo 3,5	Mínimo 5,0	Mínimo 6,5	Mínimo 7,5
	Educational Testing Service			TOEFL PBT (Paper Based Test): mínimo 490	TOEFL PBT: mínimo 567	TOEFL PBT: mínimo 637	TOEFL PBT: 677
				TOEFL- IBT (internet Based Test): mínimo 57	TOEFL- IBT: mínimo 87	TOEFL-IBT: mínimo 110	TOEFL-IBT: 120
	Trinity College			GESE 6	GESE 9	GESE 11	GESE 12
				ISE I Integrated Skills in English)	ISE II	ISE III	ISE IV
<b>Idioma</b>	<b>Institución</b>	<b>A1</b>	<b>A2</b>	<b>B1</b>	<b>B2</b>	<b>C1</b>	<b>C2</b>
ITALIANO	Centro de Lenguas	Curso A1.2	Curso A2.3	Curso B1.3	Curso B2.4	C1.4	C2.3
	Escuela oficial de Idiomas		Certificado de nivel básico, A2	Certificado de nivel Intermedio, B1	Certificado de nivel superior, B2	Certificado de aptitud, C1	
	ACLES	Certificación de A1	Certificación de A2	Certificación de B1	Certificación de B2	Certificación de C1	Certificación de C2
	Universidad per Stranieri di Siena			CILS 1 (Cercificazione di Italiano come Lingua Straniera)	CILS 2	CILS 3	CILS 4
	Dante Alighieri	PLIDA (Proietto Lingua Italiana Dante Alighieri) A1	PLIDA A2	PLIDA B1	PLIDA B2	PLIDA C1	PLIDA C2

Idioma	Institución	A1	A2	B1	B2	C1	C2
PORTUGUES	Centro de Linguas		Curso A2.2	Curso B1.3	Curso B2.4	C1.3	C2.3
	Escuela oficial de Idiomas		Certificado de nivel básico, A2	Certificado de nivel Intermedio, B1	Certificado de nivel superior, B2	Certificado de aptitud, C1	
	ACLES	Certificación de A1	Certificación de A2	Certificación de B1	Certificación de B2	Certificación de C1	Certificación de C2
	Instituto Camões y Universidad de Lisboa			DEPLE (Diploma Elemental de Lingua Portuguesa)	DIPLE (Diploma Intermedio de Lingua Portuguesa)	DAPLE (Diploma Avanzado de Lingua Portuguesa)	DUPLE (Diploma Universitario de Lingua Portuguesa)